

Acta da Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas celebrada o 18 de Abril de 2007

Coa seguinte proposta de orde do día:

0. Orde do día.
1. Aprobación do acta da anterior asamblea (10-4-2007).
2. Eleccións.
3. Comisións.
4. Varios.

0. Proposta da **orde do día** aprobada.

1. Aprázase a aprobación da **acta da anterior** asamblea (10-4-2007) por non dispoñer dela.

2. **Eleccións: (planificación provisional)**. Ademais optouse por tratar varias propostas xerais neste punto.

- **BUZÓN PROPOSTAS MELLORAS DA FACULTADE** : Para o martes **24**, mércores **25** e xoves **26 de Abril**. Ademais do buzón imprimíranse cartaces explicativos do mesmo. O mércores 2 de Maio en comisión procederase a aprobar as propostas e crear un texto recopilatorio das mesmas e o xoves día 3, dito texto lerase en Asemblea e logo procederase a súa publicación no web.
- **PROPOSTA ENQUISA**: Para levar nos trocos de clase ás aulas. A enquisa tería ó redor de 10-15 cuestións e os temas xerais serían: problemas da facultade, coñecemento ou non dos grupos de estudantes que se presentan ás eleccións, a quen votou nas anteriores e a quen pensa votar nas próximas eleccións, valoración do decanato, posición no eixo esquerda/dereita e no eixo nacionalismo/non nacionalismo,...
- **CAMISETAS**: Despois de deixar as cuestións do deseño resoltas e ver ás posibles tendas onde facer as camisetas, terase que ver a viabilidade de facer unha tirada de máis ou menos 25 camisetas ou facer unha tirada para nós; nesta asemblea non se sacou en claro nada máis.
- **VOCEIRO ASEMBLEA**: Crearase unha comisión (unha persoa de cada comisión) para a súa publicación. Farase unha tirada de 300 voceiros. **Martes 8 Maio**, ás 20:30 no local de alumn@s.
- **PRIMARIAS NA ASEMBLEA**: Na asemblea do 3 de Maio procederase á votación das candidaturas: as 8 persoas máis votadas serán as que representen á Asemblea nas eleccións á Xunta da facultade. O día antes das eleccións farase unha presentación da Asemblea coa lectura das propostas recollidas no buzón e a presentación das candidaturas.
- **Mércores 9 de Maio**, dúas propostas:
 - a) **CONCERTO contra Boloña**. (planificación do Agosto, equipo de son, manifesto e faixa). Sería no parque de Farmacia ou a explanada de Fonseca. No caso de non

dispoñer de equipo, facer roldas para preguntar por bares.

b) VISITA Ó PARLAMENTO.

- Apróbase a proposta de facer o 9 de Maio o **Concerto contra Boloña**

Do día **10 de Maio ó día das eleccións**, está todo aberto para outras posibles actividades, ou cambios nas actividades provisionais. Algunhas posibles actividades secundarias propostas nesta Asemblea son: a elaboración dun *Twister* xigante, a creación de marcapáxinas con frases dos profesores,...

3. **Comisións:**

3.1. **Xurídica:** Non se reuniu.

3.2. **Formación:**

- Mulleres en Conflicto: 23 e 24 de Maio:

Luns 23 de Maio:

- Palestra das 12:00→ Rosa Covos: *Participación das mulleres na política.*
- Palestra das 19:00→ *As mulleres nos Franquismo.*

Martes 24 de Maio:

- Palestra das 12:00→ Representante da asociación *Alecrín.*
Charla + vídeo da prostitución en Holanda.
- Palestra das 19:00→ Zelia García: *Liberación sexual.*

- DÍPTICOS: rolda facultades xoves 19 de Abril: Fran e Raquel pola mañá, Begoña e Laura pola tarde.

3.3. **Cultural:**

- PALESTRA LIBERDADE DE EXPRESIÓN: decae; non confirmacións, falta de poñentes.
- MESA REDONDA DO GALEGO: realizarase próximamente o guión da mesa.

3.4. **Boloña:**

- PALESTRA Boloña: Profesor+ 1 representante da Asemblea. 2 posibles palestras:
 - a) Introducción Proceso Boloña + Mesa redonda.
 - b) Palestra, dúas presentacións ou posicionamentos + ó xurdir dúbidas ou preguntas entre ós asistentes, deixar ó final a creación dun posible debate entre os asistentes e os poñentes.

Fálase tamén da posibilidade de facela o mesmo día que o Concerto contra Boloña.

Apróbase esta actividade de forma unánime, ca data provisional do 9 de Maio.

- PERFORMANCE: A súa realización aprázase ó ano que ven. Farase unha performance alternativa (proposta no correo). Realizarase o martes **15 de Maio**. Na Asemblea anterior decidíranse os participantes.
- CONCENTRACIÓNS contra Boloña: Paros de dez minutos nos trocos de clases e lectura dun comunicado. Día **16 de Maio**.

4. **Varios.**

Faltan os diplomas do Curso de Asemblearismo. Pasa a súa creación a Marketing.

Lémbrase acudir a uen queira a cea popular de Educación Crítica.

Péchase a Asamblea, coa convocatoria da seguinte para o Xoves 3 de Maio sendo a comisión encargada da mesma:

Laura: moderadora.

Inhaki: redactor do acta

Fran: auxiliar.